

## **Comunicación da Xunta de Persoal:**

### **Cese nas comisións de servizos e toma de posesión das prazas obtidas no concurso:**

O xerente convocou onte, día 20, a unha representación de tódolos sindicatos e agrupación electoral para comunicar que a Universidade acepta o criterio sindical referente á toma de posesión das prazas obtidas no concurso polas funcionarias e funcionarios que están en comisión de servizos.

Polo tanto a Xerencia procederá ao cese de todas as comisións de servizos afectadas polo concurso, que acompañará á publicación da resolución definitiva do concurso de méritos, para que a toma de posesión do posto de traballo que se obtiver se realice desde o posto de traballo que o funcionario ou funcionaria ten en propiedade.

Non se fixo, con anterioridade esta comunicación á espera da sinatura do acordo. O acordo non está aínda asinado pero, dadas as circunstancias, entendemos que debedes coñecelo e reproducimos o documento que nos pasou a Xerencia e que, como sinalamos, estamos á espera de asinar.

### [Escrito de Xerencia para se asinar](#)

### **Reunión urxente da Xunta de Persoal do día 23/03/2018**

Convocouse unha reunión urxente do órgano de representación, coa finalidade de levar a efecto as decisións adoptadas nas asembleas dos días 19 e 20:

- Envío os medios dun comunicado no que se reflectise a situación pola que atravesan as relacións do PAS coa Universidade.
- Convocatoria de paro que posibilite a presenza do persoal na concentración que se convocou para o día 3 de marzo durante a realización do Consello de Goberno.

### **Documentación das decisións adoptadas:**

- [Convocatoria de paro do día 3 de abril e acta da sesión na que se toma a decisión](#)
- [Escrito remitido ao reitor para que se paralice a modificación da RPT e se senten a negociar baixo o principio de boa fe.](#)

**A representación maioritaria da Xunta de Persoal chámavos á participación nas mobilizacións convocadas** (paro e concentración) para que o equipo de goberno da institución reconsidere as relacións que manteñen co PAS e se senten a negociar de boa fe, comprometéndose deixar de utilizar a imposición como xeito de goberno. Actitude que obriga á representación das funcionarias e funcionarios, á utilización sistemática do recurso contencioso como único xeito de repoñer a legalidade e a negociación de boa fe nos comportamentos institucionais.

A universidade, que non toma as medidas correspondentes para que as compañeiras e compañeiros que promocionaron ao grupo A2 poidan tomar posesión, adopta a decisión de impoñer como xeito de provisión de determinadas prazas o concurso específico, neste momento da escala técnica. O reitor e equipo dinamitan o corpo único, finalidade da funcionarización, e abren a espita para que cando sexa do seu interese impoñer as condicións que lles apetezan facendo, na práctica, desta institución a súa capela particular.